



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 14 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat para o curso académico 2017/2018 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento.

O Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

A Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención, no seu artigo 4, establece que o alumnado dos centros docentes españois que cursa as ensinanzas acollidas ao Acordo citado realizará unha proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao segundo curso de Bacharelato.

A Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat -Bachibac-* en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/2018.

En consecuencia, e co fin de coordinar a organización e desenvolvemento da proba externa para a obtención da dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat*, é necesario ditar instrucións relativas ao desenvolvemento da mesma.

En virtude do cal, e en exercicio das súas competencias, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto convocar para o curso 2017/2018 a celebración da proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto da dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat -Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia-* para o alumnado de segundo de Bacharelato que, no presente curso académico, estea cursando o segundo ano do programa *Bachibac*.

Segunda. Inscripción do alumnado

1. O alumnado que desexe acceder á proba deberá formalizar a súa inscrición na secretaría do centro educativo no período comprendido entre o 2 e o 6 de abril de 2018 cubrindo o modelo de solicitude establecido no anexo I desta resolución. O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 6 de abril de 2018.



2. Nos tres días seguintes ao remate do prazo de inscrición, a dirección do centro fará público no taboleiro de anuncios do centro o listado do alumnado admitido no acceso ás probas e, se fose o caso, o alumnado excluído, indicando as razóns da súa exclusión e concedendo un período de dous días hábiles para emendar ou corrixir os posibles erros.

3. Finalizado este prazo a dirección do centro fará pública a lista definitiva de aspirantes á proba e remitirá á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a relación do alumnado inscrito nela, segundo o modelo establecido no anexo II desta resolución.

Terceira. Contidos da proba

1. A proba versará sobre as materias específicas do currículo mixto correspondente ao segundo curso de Bacharelato -Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia- e axustaranse ao establecido na Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención.

Cuarta. Estrutura da proba

Haberá unha proba sobre a materia de Lingua e Literatura Francesas e outra sobre a materia de Historia de España e de Francia. Ambas as probas realizaranse integramente en francés e adaptaranse ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Non se permitirá o uso de dicionario en ningunha das probas.

Tanto na proba de Lingua e Literatura Francesas, no seu exercicio oral e escrito, como na de Historia de España e de Francia, valorarase prioritariamente a coherencia na expresión, así como o seu enfoque e desenvolvemento. O obxectivo final das probas é a percepción da capacidade de análise e a madurez na expresión, propias dun usuario independente avanzado, tal e como precisa o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

1. Proba de Lingua e Literatura Francesas

A proba de Lingua e Literatura Francesas consistirá nun exercicio escrito e outro oral. O exercicio escrito constará de dúas partes, cada unha delas de dúas horas de duración. Para cada exercicio proporanse dúas opcións diferentes entre as que cada estudante deberá elixir unha.

1.1. Proba escrita de Lingua e Literatura Francesas

1.1.1. A primeira parte, de preguntas e redacción, realizarase a partir dun texto que poderá ir acompañado dun documento gráfico. O alumno ou a alumna deberá elaborar unha redacción de 250 palabras como máximo sobre o texto proposto e responder a unhas cuestións relacionadas co contido e as ideas expresadas no texto, o que permitirá avaliar a comprensión do mesmo. A resposta a cada unha das cuestións deberá ter unha extensión de 70 palabras (+/- 20%).



1.1.2. A segunda parte consistirá na elaboración dun ensaio, de 300 palabras como máximo, sobre unha cuestión referente ao tema de estudo fixado para a proba de 2018: *Voyage et voyageurs*. As dúas obras literarias que desenvolven o tema para esta segunda parte do exercicio escrito son *Vendredi ou les limbes du Pacifique* de Michel Tournier e *Mon voyage en Amérique* seguido de *Le Retour* de Blaise Cendrars.

O sentido deste exercicio é a elaboración dun texto de carácter argumentativo que permita percibir a madurez e o rigor na exposición das ideas do alumnado que concorre á proba.

1.2. Proba oral de Lingua e Literatura Francesas

O exercicio oral constará de dúas partes e terá unha duración de 40 minutos.

1.2.1. A primeira parte, de 20 minutos de duración, consistirá na preparación dun tema a partir dun texto e/ou un gráfico proposto, relacionado cos contidos de 2º curso de Bacharelato.

1.2.2. A segunda parte, de 20 minutos de duración, dedicárase á avaliación da comprensión e expresión orais e distribuírse en dous bloques equitativos:

-Discurso monolóxico: a partir dun motivo gráfico e/ou textual, o alumno/a alumna deberá realizar unha exposición discursiva monolóxica segundo se indique nas instrucións específicas.

-Discurso interactivo: tras a exposición, o alumno/a alumna someterase ás preguntas que o tribunal estableza respecto dos aspectos expostos e procederá a unha conversa guiada sobre as cuestións propostas.

2. Proba de Historia de España e de Francia

A proba de Historia de España e de Francia será escrita e constará de dúas partes, de dúas horas de duración cada unha, elaboradas de acordo cos contidos que recollen os epígrafes do bloque 3 do currículo mixto “*Historia de España e Francia desde mediados do século XIX ata os nosos días*”.

2.1. Na primeira parte, a partir dun texto e/ou documento gráfico, o alumnado deberá responder a tres cuestións: presentación do texto e/ou documento gráfico e exposición do tema ou idea principal do mesmo; explicación do contexto histórico relacionado co documento gráfico e/ou o texto proposto. A extensión destas respostas será de 80 palabras (+/- 20%). A terceira pregunta consistirá na elaboración dunha redacción sobre o documento proposto e terá unha extensión de 200 palabras (+/- 20%).

2.2. Segunda parte: desenvolvemento dun tema do bloque 3 do currículo mixto anteriormente citado. O alumnado elixirá un tema entre os dous propostos e redactará un texto ben organizado, dunha extensión aproximada de 300 palabras (+/- 20%) que permita percibir a madurez así como o coñecemento dos contidos máis relevantes do tema proposto. Deberá incluír unha ou dúas frases introdutorias, distinguindo en párrafos diferentes as ideas principais que responden ao tema plantexado, e finalizar cunha ou dúas frases a modo de conclusión ou resposta.



O obxectivo de ambas as dúas probas é poñer de manifesto un espírito crítico, utilizando estratexias lingüísticas axeitadas que demostren unha expresión escrita ordenada e coherente cunha utilización do vocabulario propia da materia de Historia de España e Francia así como do nivel de lingua requirido.

Quinta. *Datas, horario e lugar de realización das probas*

1. Cada alumno ou alumna inscrito poderá concorrer a unha soa convocatoria por curso académico, na que se examinará das dúas materias obxecto da proba: Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia.

2. As probas realizaranse os días 7 e 9 de maio de 2018, co seguinte horario de aplicación:

a) Probas escritas:

-luns, 7 de maio: exame escrito de Lingua e Literatura Francesas.

-mércores, 9 de maio: exame escrito de Historia de España e de Francia.

O horario establecido para o desenvolvemento das distintas partes das probas escritas será o seguinte:

-primeira parte: de 09.30 a 11.30 horas.

-segunda parte: de 12.00 a 14.00 horas.

b) Proba oral:

-luns, 7 de maio: ás 16.00 horas.

Con anterioridade á proba oral, o tribunal avaliador realizará a convocatoria do alumnado á proba facendo pública a dita convocatoria no taboleiro do centro.

3. Con carácter excepcional realizarase unha proba externa extraordinaria para o alumnado que, por razóns de forza maior, que deberán ser debidamente xustificadas ante o tribunal avaliador e a administración educativa, non puidera presentarse ás probas ordinarias.

De teren lugar, estas probas realizaríanse os días 23 e 24 de maio de 2018 nas seguintes quendas:

a) día 23 de maio: exames escrito e oral de Lingua e Literatura Francesas (mañá e tarde, respectivamente).

b) día 24 de maio: exame de Historia de España e de Francia.

4. Ambas as dúas probas, ordinaria e, de ser o caso, extraordinaria, terán lugar no IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas de Oleiros (A Coruña). Corresponderalle á dirección do centro xestionar e coordinar a realización das devanditas probas e velar polo seu correcto desenvolvemento.



Sexta. Tribunal avaliador

1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en exercicio das súas competencias e de acordo co artigo 7.2 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, nomeará un tribunal avaliador da proba externa.
2. O tribunal estará formado por, cando menos, tres examinadores pertencentes aos respectivos corpos de Catedráticos ou Profesores de Ensinanza Secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Estará composto por un/unha presidente/a -profesor/a especialista de Lingua Francesa- e dous vogais, un/unha profesor/a especialista de Lingua Francesa e outro/a profesor/a de Xeografía e Historia que deberá ter a correspondente habilitación para impartir a materia en lingua francesa. O profesor ou profesora de menor idade realizará as funcións de secretario/a do tribunal.
3. Correspóndelle ao tribunal o control da realización das probas así como avalialas, cualificalas e cubrir as actas de avaliación.
4. O tribunal velará pola correcta realización das probas, documentará e motivará a cualificación que outorgue e actuará, en todo momento, de forma colexiada.
5. De acordo co disposto no apartado 2 do Artigo 7 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Administración francesa poderá designar os seus representantes no procedemento.

Sétima. Cualificación das probas e actas de avaliación

1. Con antelación á celebración da proba o tribunal examinador fará públicos os criterios de cualificación aplicables, remitíndoos ao centro onde se imparte o programa.
2. A cualificación global da proba externa obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas probas das materias específicas Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia, expresada con ata dous decimais se fose necesario.
3. A cualificación de cada un dos exercicios de Lingua e Literatura Francesas e de Historia de España e de Francia será cualificado cunha nota numérica de 0 a 10 puntos, sen decimais.
4. A cualificación da proba de Lingua e Literatura Francesas será a media aritmética entre a proba escrita e a proba oral, cun decimal se fose necesario.
5. Segundo se determina no artigo 7.2 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 na cualificación global da proba ou na cualificación da materia específica de Lingua e Literatura Francesas non superará a proba externa. Nestes casos consignarase «NON APTO» no correspondente recadro da columna de cualificación global da proba externa.
6. A cualificación global da proba externa do *Baccalauréat* será válida cando se teñan superado todas as materias do Bacharelato. De acordo co establecido no artigo 8 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, a cualificación final para a obtención do título de *Baccalauréat* será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:



Cualificación do *Baccalauréat* = $NMB * 0,7 + CGPE * 0,3$

NMB = Nota media do Bacharelato.

CGPE = Cualificación global da proba externa.

7. Se un alumno ou unha alumna non se presentase á proba a súa nota será consignada como «*Non Presentado*» (NP), o que, a todos os efectos, terá a consideración de cualificación negativa.

8. Das cualificacións das probas levantarase acta asinada por todos os membros do tribunal, segundo o modelo do anexo III da presente resolución. O tribunal avaliador enviará unha copia da acta asinada e selada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

9. Unha vez concluído o proceso de avaliación a dirección do centro fará públicos os resultados obtidos nas diferentes probas.

10. A dirección do centro educativo será o encargada da garda e custodia das actas do seu alumnado.

Oitava. Reclamacións

1. Aqueles alumnos ou alumnas que mostrasen desconformidade coa cualificación obtida poderán solicitar por escrito á secretaría do centro a revisión da corrección das probas no prazo de tres días hábiles a partir da exposición dos resultados no taboleiro de anuncios do centro.

2. De existir reclamacións o/a presidente/a do tribunal deberá reunir os seus membros en sesión extraordinaria para decidir a confirmación ou modificación dos resultados, que serán comunicados á persoa interesada no prazo de dous días hábiles. Desta resolución levantarase acta asinada por todos os membros do tribunal.

Novena. Emisión de certificados e tramitación do título de *Baccalauréat*

1. O alumnado que supere a proba externa específica obterá o título de *Baccalauréat* outorgado polo Ministerio de Educación Nacional Francés. A cualificación global da proba externa do *Baccalauréat* será válida cando se teñan superadas todas as materias do Bacharelato.

2. A dirección do centro educativo formulará, de oficio e coa necesaria celeridade, as solicitudes de expedición do título de *Baccalauréat* para o alumnado que reúna as condicións. A tal efecto, cubrirá unha táboa informática de datos que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte porá á súa disposición e que responderá ao acordado entre as Administracións española e francesa.

3. Así mesmo, a secretaría do centro emitirá unha certificación selada e asinada, co *Visto e Prace* da persoa directora, seguindo o modelo do anexo IV da presente resolución, dando fe de cantos datos se requiren. A dirección do centro remitirá unha copia escaneada da dita certificación á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que, á súa vez, a remitirá á Subdirección General de Ordenación Académica do



Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. O centro custodiará os orixinais da certificación, que poderán ser requiridos para a súa revisión pola Administración española ou francesa.

4. A certificación será tramitada ante a autoridade francesa co obxecto de emitir a oportuna «*attestation*» (certificación) que permita ao alumnado do programa «*Bachibac*» acceder á universidade española de acordo co procedemento establecido pola Orde EDU/1161/2010, do 4 de maio, pola que se establece o procedemento para o acceso á Universidade española por parte dos estudantes procedentes de sistemas educativos aos que é de aplicación o artigo 38.5 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. As solicitudes de expedición de título concretarán, de acordo co establecido no anexo V desta resolución, a «*série*» (modalidade) do título de *Baccalauréat* obtido. Cada alumno ou alumna só poderá obter un título cunha modalidade.

6. A solicitude de expedición do título de *Baccalauréat* dirixirase telemáticamente á Dirección General de Política Educativa Escolar, que, á súa vez, o remitirá á Subdirección General de Ordenación Académica (C/ Los Madrazo, 17, 28014 Madrid) para o seu traslado á Administración francesa. Unha vez recibidos os títulos, realizarase o procedemento inverso.

7. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte encargarse de tramitar coa Administración francesa a expedición do título de *Baccalauréat*.

8. De acordo co establecido no artigo 10 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, no seu artigo 10, a Administración educativa asegurará que tanto no expediente académico como no historial académico de Bacharelato do alumnado se recolla, mediante dilixencia, segundo o modelo incluído no anexo II da citada orde, que o alumnado superou as ensinanzas do currículo mixto e que acadou o nivel B2 en lingua francesa no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Así mesmo, nas actas de avaliación de Bacharelato farase constar, no seu caso, a referencia expresa ao Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, que regula as ensinanzas do currículo integrado.

Décima. Supervisión do funcionamento do programa

En virtude do establecido no artigo 5 do Acordo relativo á dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, do 10 de xaneiro de 2008, as Inspeccións educativas francesa e española poderán supervisar o funcionamento deste Programa no centro educativo no que estea implantado.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018




Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa